

C

Compostela
Cultura
Didáctica

DI PRO—
GRAMA
DÁC
TICO
23—24



O NENO DE PAU

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MÚSICA

Nun país habitado por fadas, trasnos e outros encantos todo era felicidade, xogos e risas. Un día, un trasno de nome Rosmón decidiu que xa non aguantaba máis tanta alegría, botou un arrote e berrou un esconxuro. Ao que lle alcanzase o arrote convertíao nunha estatua de pedra, pero unha das fadas foi quen de agocharse nun carballo e salvarse do feitizo. Iso si, tiña que quedar alí e non saír, a non ser que soubese a resposta dunha adiviña.

Paula e o seu avó vivían tranquilos nunha pequena vila. A nena estaba de aniversario, así que foron os dous en busca dun fermoso agasallo a unha carpintería onde facían bonecos. Paula escolleu entre todos eles e

elixiu un bonequiño de madeira de carballo, mesmo parecía un neno de pau.

Paula xogaba horas e horas con aquel boneco, pero un día, cando menos o esperaba, o boneco comezou a falarlle. Ela case morreo de susto, pero ao final entendeu que quen lle falaba non era o boneco, senón unha fada que vivía dentro del e que non podía saír por culpa do feitizo do trasno. Tras oír a súa historia, Paula decidiu que ía axudar á fada a buscar a solución da adiviña. Necesitarán moito enxeño para superar os obstáculos que atopen no camiño e moita axuda. Serán quen de conseguilo?

SALA MOZART. AUDITORIO DE GALICIA

2 E 3 NOVEMBRO

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: Infantil, 1º e 2º primaria

Duración: 45 min

Lingua: Galego

GUIA DIDÁCTICA →

PULCINELLA E A MÁSCARA MÁXICA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

JAVIER FAJARDO, DIRECTOR

MALU BALADO, GUIÓN E DIRECCIÓN ARTÍSTICA

MARCOS PAIS, NARRADOR

MARTA PLACER, BAILARINA

MÚSICA

Que triste está Pulcinella! Perdeu a súa máscara e non a atopa... Pasou un martes de Entroido de 1572, no día grande de Nápoles, no que estaba convidado a acudir a un baile!

Pero non pode permitir que ninguén o recoñeza e, xunto con Colombina, correrán mil e unha aventuras ata atopar a máscara, coa que pode disfrazarse e ir á festa á que foi invitado!

SALA ÁNGEL BRAGE. AUDITORIO DE GALICIA

30 NOVEMBRO E 1 DECEMBRO

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: Infantil e primaria

Duración: 50 min

Lingua: Galego



FRIDA

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MÚSICA

Un día Frida, unha adolescente “aburrida da vida”, descobre unha marabillosa carta que a súa avoa Henriqueta lle escribira a FRIDA KALHO. Nela dáalle as grazas por mostrarlle que a arte é un talismán que o cura todo. A partires de entón, comeza un proceso de transformación que revolucionará a vida da cativa e todo o que está ao seu redor. A maxia da arte fará que a creatividade de Frida se dispare, fará que pinte cadros, que cante, que baile, que vista o espazo coas cores da vida e que á fin, coñeza a FRIDA KALHO.

TEATRO PRINCIPAL

11 E 12 XANEIRO

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: ESO e Bacharelato

Duración: 60 min

Lingua: Galego

[GUIA DIDÁCTICA →](#)



TITIRICIRCUS

TANXARINA

MONICREQUES

Unha lembranza fantástica e festiva do grande circo de carpa alta e bicolor: a historia de dous vellos traballadores daquel circo que lembran agora con marionetas de fíos as glorias do seu pasado na pista. Nun permanente xogo participativo co público, van aparecendo os números máis importantes daquel vello circo xa desaparecido: o home máis forte da Península Ibérica, o malabarista máis divertido e bailadeiro do mundo....

TEATRO PRINCIPAL

23 E 24 XANEIRO

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: Infantil

Duración: 50 min

Lingua: Galego

GUIA DIDÁCTICA →



O NENO GROBA E MÚSICA

FUNDACIÓN ROGELIO GROBA

TEATRO

O neno Groba e Música é a historia dun neno dunha aldea galega que buscaba sen parar algo que lle gustara de verdade. Vivía coa súa avoa no lugar de Lameiro ata que chega a Guerra Civil cando tiña 6 anos idade. Un día coñece a unha nena máxica que cambiará a súa vida para sempre. Aquela nena chamábase Música.

TEATRO PRINCIPAL

30 XANEIRO

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: 3º a 6º primaria

Duración: 50 min

Lingua: Galego

[GUIA DIDÁCTICA →](#)



AMANTIS

(SELFIES, SEXTING OUTRAS FORMAS DE AMAR(SE))

REBORDELOS

TEATRO

AMANTIS conta a historia de M. Un rapaz de barrio obreiro que quere ser *influencer*, amado, aceptado. Nese camiño topará coas trampas dun universo intanxible no que non todo é o que parece e no que descubrirá que el mesmo non é quen pensaba ser.

TEATRO PRINCIPAL

31 XANEIRO

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: ESO e Bacharelato

Duración: 65 min

Lingua: Galego

[GUIA DIDÁCTICA →](#)

O GATO CON BOTAS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

SANTIAGO ARNAL E ANNA FERNÁNDEZ (TÍTERES
PERPOC), DIRECCIÓN ARTÍSTICA E ESCÉNICA
ALEXANDRA SEMENOVA, DEBUXOS

MÚSICA

SALA ÁNGEL BRAGE. AUDITORIO DE GALICIA

1 E 2 FEBREIRO

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: Infantil e primaria

Duración: 50 min

Língua: Galego

O Gato con Botas ou *Maese Gato* é un conto popular europeo compilado en 1695 por Charles Perrault. Conta a historia dun gato que grazas á súa astucia consegue a fortuna e a man dunha princesa para o seu amo, totalmente pobre. Dende a súa publicación, en 1697, no seu libro *Contos de antano*, que dedicou e regalou á sobriña de Luís XIV, tivo moito éxito.

Per Poc recrea as personaxes e a escenografía cos debuxos da artista rusa Alexandra Semenova, que nos remiten coa súa estética á época do Rei Sol. A música proposta para este espectáculo é o repertorio musical francés dos séculos XVII e XVIII que será, tamén, protagonista.

A photograph of three people standing in front of a wall covered in graffiti. On the left is a young man with dark hair wearing a green cable-knit sweater. In the center is a woman with curly dark hair wearing a purple turtleneck and a denim jacket. On the right is a young woman with long dark hair wearing a blue cable-knit sweater. The graffiti on the wall includes a large green smiley face on the right and various black and blue tags on the left.

SOÑOS

ARTEFEITO

TEATRO

Unha obra teatral centrada na realidade dos mozos e mozas que se atopan en situación de tutela. Parte da sociedade aínda pensa que os nenos e nenas que medran en vivendas tuteladas se atopan nesa situación por facer algo malo. Non é verdade. Son mozos e mozas coma calquera outros, con soños e aspiracións, pero que parten dunha situación de desvantaxe. Os prexuízos non poden ser un peso engadido. A utilización de acrónimos deshumanizantes como MENAS, así como o racismo integrado nos medios de comunicación, reforzan a estereotipación destes menores como persoas conflitivas cando, en realidade, son só nenos e nenas que tiveron que fuxir dos seus países para poder ter unha vida mellor. *Soños* pretende abordar dende as artes escénicas a situación de discriminación e exclusión social que sofren moitos menores que medran en vivendas tuteladas para chegar a un público máis amplo e acabar cos estigmas.

TEATRO PRINCIPAL

20 FEBREIRO

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: ESO e Bacharelato

Duración: 60 min

Língua: Galego

[GUIA DIDÁCTICA →](#)

SÓ

XAMPATITO PATO

CIRCO

Un personaxe obsesivo, cuadrículado e meticuloso. Un ser único na súa especie rodeado dun sen fin de caixas que escapan ao seu control e coas que xoga para dar forma ao seu mundo. Do caos xorde un universo delirante onde inventa a risa, creando unha tolemia cómica e transformándose nun novo ser cunha nova figura.



TEATRO PRINCIPAL

21 FEBREIRO

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: 1º e 2º Primaria

Duración: 50 min

Língua: Galego

[GUIA DIDÁCTICA →](#)



BAILAR AGORA

MARTA ALONSO TEJADA

DANZA

Bailar agora é a historia dunha bailarina que nace e medra nos anos 80-90 e que, a día de hoxe, se achega á corentena. Conta, con grandes doses de humor, o proceso vital para levar a cabo as expectativas artísticas. Un camiño que foxe dos estándares do que nos fan entender por “exitoso”. Altamente satisfactorio e presentando a danza como un elemento fantástico para cumprir os desexos e os soños de cadaquén, aquí, agora, bailando como a un lle pete.

TEATRO PRINCIPAL

27 FEBREIRO

10:00 E 12:00 H

Idade recomendada: ESO e Bacharelato

Duración: 60 min

Lingua: Galego

GUIA DIDÁCTICA →

NINJA

GHZAFELHOS

TEATRO

Tori é unha nena que vive no rural galego. A Tori encántalle a cultura oriental, o *karate*, o *kung fu*, o *jiu-jitsu*, as películas de Bruce Lee, Jackie Chan. O seu soño é ser unha ninja e adestra todos os días para pasar inadvertida e observar aos demais. Tori descobre que no seu colexio hai moitas nenas e nenos que queren ser invisíbeis. Coa axuda do seu veciño o señor Edelmiro, Tori conseguirá que os nenos e as nenas se fagan visibles e cambiar así as tornas na escola. *Ninja* é unha obra coa que abordamos o acoso nas escolas a través dunha historia divertida e chea de reflexións sobre a tolerancia, o respecto e a diversidade é un dos pasos máis importantes para resolver un problema é facelo visible.

TEATRO PRINCIPAL

28 FEBREIRO

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: 3º a 6º Primaria

Duración: 50 min

Lingua: Galego

[GUIA DIDÁCTICA →](#)





NUBE NUBE SOL

TEATRO Ó CUBO

TEATRO

As nubes chegan. Chove. Sae o sol. A natureza esperta para encherse de cores. Ao amparo dos paraugas atoparemos agocho, bailaremos, cantaremos, e acompañados de pintorescos animais seremos parte da mesma paisaxe. *Nube nube sol* métenos de cheo na diversión e na aprendizaxe de todo o que a choiva e o sol provocan na nosa contorna. A través do corpo, o xesto, o canto e a música, Teatro ó Cubo achega á primeira infancia a maxia dos ciclos da natureza e a importancia da choiva para que todo medre.

TEATRO PRINCIPAL

4 E 5 MARZO


10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: Infantil

Duración: 40 min

Lingua: Galego

GUIA DIDÁCTICA →



WOMBO COMBO

GALEATRO

TEATRO

Sara odia a súa vida, ou polo menos a que chaman a súa vida real. Nesa vida real non lle vai nada ben: non ten case amigas e moito menos amigos, búrlanse do seu aspecto, non é brillante nos estudos, nin sequera mediocre. Sara ten a sensación de que podería desaparecer e ninguén se decataría. Pero Sara ten outra vida, na que xoga en liña con ducias de persoas, e ten éxito, e é imbatible nas loitas. Sara pasa cada vez máis tempo nesa vida virtual e menos na vida real. Deixa de falar, de comer, de durmir. Ata que entra nun videoxogo novo: “Revamp”, onde unha misteriosa voz en off lle vai propoñendo retos que debe cumprir na vida real se non quere sufrir as consecuencias. A partir dese momento, Sara toma consciencia de que non é posible unha vida sen a outra.

TEATRO PRINCIPAL

6 MARZO

10:00 H E 12:00 H

Idade recomendada: 3º a 6º Primaria

Duración: 50 min

Lingua: Galego

GUIA DIDÁCTICA →

PLEASURE ISLAND

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Cristina Cubells, dirección artística
Ariadna Montfort e Estela Martos,
coreógrafas e bailarinas

MÚSICA

PROGRAMA:

Igor Stravinski: Danses concertantes
(Danzas de concerto)

Januibe Tejera: Internités

SALA ÁNGEL BRAGE.
AUDITORIO DE GALICIA

25 E 26 ABRIL

11:00 H

Idade recomendada:
ESO e Bacharelato
Duración: 50 min
Lingua: Galego

Nos contos ‘Non culpes a ninguén’ (1956) de Cortázar e ‘As preocupacións dun pai de familia’ (1919) de Kafka atopamos unha presenza que perturba terriblemente ás súas personaxes.

A proposta cruza o corpo e a música para afondar nos dous imaxinarios e na experiencia co que supostamente é “estraño”: que nos contan as percepcións, os prexuízos, as olladas aparentemente inusuais?

CALENDARIO

O NENO DE PAU

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(MÚSICA)

2 E 3 NOVEMBRO

10:00 h e 12:00 h

Sala Mozart, Auditorio de Galicia

Idade recomendada: Infantil, 1º e 2º Primaria

PULCINELLA E A MÁSCARA MÁXICA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Javier Fajardo, director
(MÚSICA)

Sala Ángel Brage.
Auditorio de Galicia

30 NOVEMBRO E 1 DECEMBRO

10:00 h e 12:00 h

Idade recomendada: 3º a 6º Primaria

FRIDA

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(MÚSICA)

Teatro Principal

11 E 12 XANEIRO

10:00 h e 12:00 h

Idade recomendada: ESO e Bacharelato

TITIRICIRCUS

TANXARINA

(MONICREQUES)

Teatro Principal

23 E 24 XANEIRO

10:00 h e 12:00 h

Idade recomendada: Infantil

O NENO GROBA E MÚSICA

FUNDACIÓN ROGELIO GROBA

(TEATRO)

Teatro Principal

30 XANEIRO

10:00 h e 12:00 h

Idade recomendada: 3º a 6º primaria

AMANTIS. (SELFIES, SEXTING OUTRAS FORMAS DE AMAR(SE))

REBORDELOS

(TEATRO)

Teatro Principal

31 XANEIRO

10:00 h e 12:00 h

Idade recomendada: ESO e Bacharelato

O GATO CON BOTAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

SANTIAGO ARNAL E ANNA FERNÁNDEZ (TÍTERES PERPOC)

(MÚSICA)

Sala Ángel Brage.
Auditorio De Galicia

1 E 2 FEBREIRO

10:00 h e 12:00 h

Idade recomendada: Infantil e primaria

SOÑOS

ARTEFEITO

(TEATRO)

Teatro Principal

20 FEBREIRO

10:00 h e 12:00 h

Idade recomendada: ESO e Bacharelato

SÓ

XAMPATITO PATO

(CIRCO)

Teatro Principal

21 FEBREIRO

10:00 h e 12:00 h

Idade recomendada: 1º e 2º Primaria

BAILAR AGORA

MARTA ALONSO TEJADA

(DANZA)

Teatro Principal

27 FEBREIRO

10:00 e 12:00 h

Idade recomendada: ESO e Bacharelato

NINJA

GHZAFELHOS

(TEATRO)

Teatro Principal

28 FEBREIRO

10:00 h e 12:00 h

Idade recomendada: 3º a 6º Primaria

NUBE NUBE SOL

TEATRO Ó CUBO

(TEATRO)

Teatro Principal

4 E 5 MARZO

10:00 h e 12:00 h

Idade recomendada: Infantil

WOMBO COMBO

GALEATRO

(TEATRO)

Teatro Principal

6 MARZO

10:00 h e 12:00 h

Idade recomendada: 3º a 6º Primaria

PLEASURE ISLAND

(MÚSICA)

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Cristina Cubells,
dirección artística
Ariadna Montfort
e Estela Martos,
coreógrafas e bailarinas
Sala Ángel Brage.

Auditorio De Galicia
25 E 26 ABRIL

11:00 h

Idade recomendada: ESO e Bacharelato

C

Compostela Cultura Didáctica

PROCEDIMENTO DE RESERVA EN LIÑA

En setembro enviaremos por correo electrónico o formulario para que cubran os centros de ensino.

DATAS DE ENVÍO DAS SOLICITUDES

- Centro de ensino de Santiago de Compostela: dende o martes, 19 de setembro ás 8:30 h
- Centro de ensino do resto de Galicia: dende o mércores, 20 setembro ás 8:30 h

 [COMPOSTELACULTURA →](#)

 [CCULTURA →](#)

 [COMPOSTELACULTURA →](#)

 [COMPOSTELACULTURATV →](#)

 [COMPOSTELACULTURA.GAL →](#)



DI^{PRO—}GRAMA
DÁC
TICO
23—24